




# SERRA DE MEIRA

Adela Leiro, Mon Daporta




**Distancia:** 55 km  
(en coche), máis distintas camiñadas.  
**Dificultade:** media.  
**Duración:** unha xornada

Unha serra de doado acceso, pola que é doado camiñar e desde a que se abrangue un amplísimo territorio: cara ao leste o val do Eo, a serra do Muradal, A Fonsagrada e, ao fondo, Os Ancares; cara ao sur a serra da Panda, O Monciro e, en días claros ata a cidade de Lugo; cara ao leste a Terra Cha ata Vilalba, e cara ao norte as serras de Lorenzá, Cordal de Neda, A Toxiza e O Xistral.

A serra de Meira atópase ao leste do concello de Meira e exténdese ao longo de 12 km, sobre unha superficie dunhas 4.500 ha, en dirección N-S, entre o río da Órrea (Xudán) e o rego Areales, ao norte, e o río Lúa, ao sur; todos eles afluentes do Eo. Aséntase maiormente polo territorio do concello de Meira, aínda que tamén toca nos de A Pastoriza, Riotorto, Ribeira de Piquín e Pol. A serra de Meira ofrece dúas caras ben diferentes a oeste de pendente suave cara a Meira, e a leste abrupta e recortada cara ao val do Eo.

O sector occidental está formado por xistos calcáries e dolomías e por el escoan e corren as augas que alimentan as fontes do Miño, a parte central está formada por bandas paralelas de pelitas e areíscas envoltas por faixas de cuarcitas que sobresaen nos cumes e na vertente oriental, na que nacen varios afluentes do Eo, predominan as lousas. Ten unha altitude media de 800 m, cun lombo recto no que apenas sobresaen o pico do Meira, o punto máis elevado con 896 m. Na vertente oeste predominan as matogueiras, os prados e as plantacións de piñeiros e eucaliptos mentras que na leste hai menos prados e menos plantacións e pola contra conserva boas masas de bosque autóctono.



Vista desde os cumes da serra cara ao leste.



### COMO CHEGAR:

Propoñemos unha ruta perimetral duns 55 km en coche que rodea a serra e nos achega a algúns dos lugares máis interesantes e aos puntos de partida para as camiñadas, e rutas a pé.

A ruta principal que percorre ao longo todo o lombo da serra, desde Penacova á Órrea, é duns 15 km, máis outros 16 se se fai circular desde Meira. Tamén se pode facer desde Navallos, circular de 27 km, baixando pola Louseira e Seixosmil ao Chao do Pousadoiro. Ou baixando desde a Louseira a Piñeiro e volver a Navallos pola estrada que segue o río Eo, 5 km máis longa. Calquera das rutas percorre o lombo da serra. A de Meira, Penacova, A Órrea, Meira, volve pola cara oeste desde onde a serra ten un relevo máis suave e aparenta menos altura e a de Navallos, A Louseira, Ribeira de Piquín, Navallos baixa pola cara leste moito máis abrupta e revirada, con máis cobertura vexetal.

Para acceder á parte alta podemos seguir a ruta Miño Eo, ir pola estrada que desde o Pedregal sube para Seixosmil e Ribeira de Piquín ou pola estrada que desde Meira vai a Ribeira de Piquín, desde Navallos por unha pista que sube ao parque eólico e desde Penacova por unha pista que sube á liña de aerogeradores.

Ademais destas rutas principais temos a posibilidade de achegarnos a outros lugares significativos da zona: o Pedregal de Irimia e as fervezas da Mexadoira e da Pena dos Portelos.



Lombo da serra.

Cara oeste da serra de Meira.



Fraga na cara leste da serra, en Seixosmil.



Vexetación dos cumes.



Meira desde o cumo da serra.



Pena Gallada


O **Pedregal de Irimia** é un acúmulo de bloques de cuarcita orixinado nos períodos de xeo-desxeo da última glaciación do Cuaternario (hai 18.000 a 13.000 anos) como consecuencia do esbaramento de materiais polas abas do monte que se foron amoreando na zona de confluencia das pendentes. É unha das fontes do Miño. Podemos achegarnos desde Meira seguindo as indicacións.

Para ir á ferverza da **Mexadoira** cóllese na Louseira unha pista de terra que cruza a aldea e baixa cara ao río (un pouco máis abaixo coincide coa ruta Miño-Eo), e seguindo as indicacións da ruta Miño-Eo en dirección a Meira chégase á ferverza. Pódese facer un pequeno percorrido polo río desde a ferverza ata a ponte que cruza o río ou á inversa. Desde a Louseira hai case 3 km. Tamén se pode chegar baixando dos cumes polo Espido seguindo a ruta Miño-Eo.

Para achegarse á ferverza da **Pena dos Portelos** desde San Xurxo cóllese unha pista en subida na mesma localidade. O camiño, 3,5 km ida e volta, atravesa unha fraga ben conservada na que se poden ver bos exemplares de castiñeiros e carballos.



Pedregal de Irimia.



**Ferverza da Mexadoira** (Seixosmil-Meira), no rego de Murias ou dos Teixos, afluente do Eo. Cae dunha altura de máis de 15 m por unha parede de lousas nun entorno de bosque autóctono moi ben conservado. No verán leva pouca auga.



**Ferverza da Pena dos Portelos** (San Xurxo-Ribeira de Piqín); no rego de Survial do Couso, afluente do Eo. O rego cae nun barranco de lousas moi fondo e escuro dunha altura de máis de 15 m. No verán ten pouca auga. O camiño, 3,5 km ida e volta, atravesa unha fraga ben conservada na que se poden ver bos exemplares de castiñeiros e carballos.